

ANEXO II
(Continuación)

III. DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

- A fotocopia do DNI ou outro documento acreditativo da identidade da/o nai/pai, acolledor/a ou representantes legais segundo proceda.
- A fotocopia do libro de familia, no seu defecto outro documento que acredite oficialmente a situación familiar.
- A fotocopia do título de familia numerosa, de ser o caso.
- No caso de nenas/os con discapacidade ou necesidades educativas especiais, os informes do Equipo de Valoración e Orientación das xefaturas territoriais das consellerías competentes na materia ou da Unidade de Atención Temperá segundo proceda.
- A resolución de acollemento.
- Nos casos de non estar censado no concello onde estea o PAI, pero algún dos proxenitores ou representante legal da crianza teña o seu posto de traballo no municipio no que estea o PAI, achegarse o certificado da empresa, institución ou administración correspondente.
- No caso de estar censado nun concello limítrofe a aquel onde radica o PAI, o certificado de empadramento do concello do que procede.
- A certificación correspondente no caso de que algún membro da unidade familiar estea afectado de discapacidade física, psíquica ou sensorial, ou enfermidade que requira de internamento periódico ou padeza enfermidades crónicas ou outras afeccións alegadas polos membros da unidade familiar.
- A condición de familia monoparental acreditarase coa fotocopia da sentenza de separación, divorcio, nulidade ou medidas paterno-filiais.
- Outros documentos se procederen, nos que consten incidencias familiares, económicas e sociais susceptibles de puntuación no baremo. O informe dos Servizos Sociais do Concello ou da Administración autonómica nos supostos en que sexa necesario por falta de acreditación documental suficiente ou pola situación especial en que viva a unidade familiar.
- A copia da última nómina ou a xustificación da situación laboral no momento da solicitude con especificación da xornada laboral.
- A certificación expedida polo SEPE acreditativa das prestacións percibidas, de ser o caso ou de estar inscrito como demandante de emprego.

- No suposto de profesionais liberais e autónomas/os, o certificado expedido pola Administración estatal da Axencia Tributaria que acredite a alta no IAE e o último recibo do pagamento da cota á Seguridade Social ou o certificado da mutualidade profesional.
- A copia da declaración do IRPF do exercicio anterior de todos os membros da unidade familiar, só no caso de non autorizar a consulta directamente polo Concello. Para o suposto de que non se teña presentada, a persoa interesada deberá asinarlle a correspondente autorización ao Concello para obter os datos de carácter tributario necesarios para determinar a renda da unidade familiar. Para ambos os efectos todos os membros con ingresos que compoñen a unidade familiar deberán asinar a dita solicitude .
- No suposto de percibir pensión, o certificado expedido polo Instituto Nacional da Seguridade Social ou da Administración autonómica pagadora desta.
- Nos casos de nulidade matrimonial, separación ou divorcio, considérase a renda de quen exerza a garda e a custodia do/a menor e a pensión compensatoria que perciba o cónxuxe que a ostente e de alimentos dos/as fillos/as ao seu cargo. No caso de non as percibiren, acreditarase esta circunstancia coa copia da reclamación xudicial presentada para o efecto.